



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (381) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2026/G003/000158

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN LISTA DEFINITIVA ADMITIDOS-EXCLUIDOS, NOMEAMENTO TRIBUNAL E CONVOCATORIA PROBA_PROCESO SELECTIVO PEONS_PEL CONCELLOS 2026

EXPEDIENTE:2026/G003/000158

ANTECEDENTES:

DON MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía, A Coruña, en virtude das facultades que me confiren os artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 41.14 do ROF, e 24.d) do R.D.L. 781/1986, do 18 de abril.

Por Decreto desta Alcaldía, de data 13/04/2026, aprobáronse as bases e convocouse proceso selectivo para a contratación temporal de dous peóns ao abeiro do Programa Pel Concellos 2026 da Deputación Provincial da Coruña na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral. A convocatoria publicouse no BOP núm. 69, de data 15 de abril de 2026, e publicáronse a dita convocatoria e as bases na páxina web do concello.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade co establecido na base sexta da convocatoria, publicouse a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos outorgando un prazo de dous días hábiles para subsanacións de deficiencias e/ou reclamacións segundo o sinalado na base sexta da convocatoria.

Rematado o dito prazo sen que se presentara ningunha subsanación e/ou reclamación á dita relación provisional.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos para participar no proceso de selección de dous peóns segundo se sinala a continuación:

1.- Admitidos/as:

DNI	APELIDOS E NOME	CELGA
***6205**	Fernández Candal, Javier	Si
***5787**	Mira Bao, Víctor Angel	Non
***9301**	Sánchez Sánchez, José Manuel	Si

2.- Excluídos/as: -.

SEGUNDO.- Nomear ás persoas que se indican de seguido como membros do tribunal cualificador do proceso selectivo:

Presidente.

Don Luís González Guerra, persoal fixo do Concello de Boimorto ou persoa que o substitúa.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2026/G003/000158

Vogais:

1. Don Raimundo Vilariño Cruz, persoal laboral fixo do Concello de Mesía ou persoa que o substitúa.
2. Don Roberto Seijas López, persoal laboral fixo do Concello de Mesía ou persoa que o substitúa.
3. Dona María José Sesmonde Quinteiro, persoal laboral fixo do Concello de Mesía ou persoa que a substitúa.

Secretario, con voz e sen voto:

Don Eladio Bendaña Pardo, Secretario-Interventor do Concello de Mesía ou persoa que o substitúa.

TERCEIRO.- Convocar ao aspirante que non acreditou o celga e aos membros do tribunal cualificador para a realización da proba oral de lingua galega o luns 30/04/2026, ás 09.00 horas, na Casa Consistorial sita na parroquia de Xanceda.

CUARTO.- Convocar a todos os aspirantes e aos membros do tribunal cualificador para a realización da proba práctica que terá lugar ese mesmo día, 30/04/2026, ás 09.20 horas, no almacén municipal sito no lugar de A Igrexa, parroquia de Boado.

QUINTO.- Convocar ese mesmo día, 30/04/2026, aos membros do tribunal cualificador para avaliar a documentación da fase concurso dos aspirantes que houbesen superado a proba práctica, o que terá lugar despois da realización da dita proba, na Casa Consistorial sita en Xanceda.

SEXTO.- Publicar a presente resolución na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios municipal.

En Concello de Mesía, martes 28 de abril de 2026

O Alcalde /Presidente

Mariano Iglesias Castro